

# PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

APERTURA INSTALACIONES DEPORTIVAS  
MUNICIPAIS CONCELLO DE ARTEIXO

(19 de setembro de 2020)



## **CONTIDO**

- INTRODUCCIÓN
- A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.
- DESESCALADA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA
  - CARACTERÍSTICAS DE USO
  - ESPAZOS DISPONÍBLES
  - REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS
  - FASES DE DESCONFINAMIENTO – ADESTRAMENTO – ACTIVIDADE FÍSICA
- REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL
  - CONFIGURACIÓN DOS GRUPOS NA ACTIVIDADE
- INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS – MEDIDAS A REALIZAR PREVIO Á APERTURA
  - UTILIZACIÓN POR PARTE DOS USUARIOS
  - MEDIDAS ORGANIZATIVAS.
  - MEDIDAS DE INFORMACIÓN
  - MEDIDAS DE FORMACIÓN
  - COORDINADOR DO PROTOCOLO DA ENTIDADE DEPORTIVA
  - COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19
- TRABALLADORES. LIMPEZA, HIXIENE E DESINFECCIÓN
- ANEXO I : SOLICITUDE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

## INTRODUCCIÓN

O deporte como fenómeno social é un sistema complexo, formado por elementos que interaccionan de xeito pluridireccional, de forma que o comportamento de cada un deles recibe influencia dalgún dos outros. “Conduta” e “información” son as claves do bo e eficiente funcionamento dun sistema e un tecido deportivo local como o de Arteixo.

O sistema deportivo local ademais está integrado na súa realidade por diferentes actores (deportistas, técnicos, familias...), e por elo está influenciado e inflúe de maneira implícita ou explícita nos actuais procesos de cambios necesarios e moi acelerados fronte á pandemia da COVID-19 e os seus efectos.

Deste xeito a adecuación aos necesarios cambios abórdase desde a necesidade de incidir nas condutas de todos os axentes humanos que participan no sistema deportivo local directa ou indirectamente, a partir da lóxica organizativa e funcional, para poder aumentar o éxito das decisións do tecido deportivo contra a COVID-19.

A superación da fase III do proceso de desescalada, ben que implica que queden sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, debe comportar, porén, a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria. Neste sentido, no ámbito estatal ditouse o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as cales, conforme ao disposto no seu artigo 2.2, serán de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Neste contexto normativo, o Consello da Xunta, na súa condición de autoridade sanitaria, adopta a través da *Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*, as medidas de prevención necesarias para facer fronte sen dilación, tras a superación da fase III e o conseguinte levantamento das medidas derivadas do estado de alarma, ás necesidades urxentes e extraordinarias derivadas da crise sanitaria do COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria da enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

O 18 de xullo publicouse no DOGA a *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*, pola que se establece o uso xeneralizado da mascarilla, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. No caso de actividade física e deportiva en instalacións deportivas municipais de

Arteixo esixirase o uso obrigatorio de mascarilla aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento.

Con data de 7 de agosto de 2020 publícase unha nova *ORDE de 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.*

O 28 de agosto publícase no DOGA a *ORDE do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, que no seu anexo establece as limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores no concello de Arteixo*

O 9 de setembro de 2020 publicouse no DOGA a *ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, onde quedaron sen efecto as medidas de prevención previstas para o Concello de Arteixo da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo; e modificando o número 3.14 do anexo da ORDE de 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.,*

Posteriormente o pasado venres 18 de setembro de 2020 publicábase a *ORDE do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, pola que no seu artigo primeiro, modificaba o número 3.21 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:*

«3.21. *Práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica.*

- 1. A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, de conformidade cos protocolos de que deben dispoñer as federacións deportivas galegas, segundo o modelo do Protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia, aprobado pola Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 15 de xuño de 2020, os cales deberán ser aprobados mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte. Nestes protocolos recolleranse as condicións para a realización de adestramentos e para a celebración de competicións, deberán identificarse as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e establecerse as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística. O dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva. No caso de realizarse a actividade en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos para estas.*
- 2. Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal. Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. En todo caso, no dito protocolo deberá preverse que cando a actividade deportiva supoña contacto físico entre as persoas que a practican deberá utilizarse a máscara, salvo que no protocolo respectivo se inclúan medidas alternativas de protección específicas”.*

Finalmente o venres 18 de setembro de 2020, publicouse ORDE do 18 de setembro de 2020 sobre levantamento das medidas de prevención específicas no concello de Arteixo como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no dito concello. En dita Orde dispónse o levantamento das medidas de prevención e das recomendacións específicas no concello de Arteixo. Serán de aplicación, no concello de Arteixo, as medidas de prevención que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, entrando en vigor desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020.

Polo tanto no que atinxe ao desenvolvemento de actividades deportivas nas instalacións deportivas municipais do Concello de Arteixo realizaranse atendendo ao seguinte:

- A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.
- Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
- Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.
- A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva.
- Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal, sendo obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento.

Polo tanto, o aforo máximo permitido nas instalacións deportivas municipais queda establecido nun máximo de 25 persoas incluído o adestrador.

Neste sentido procede salientar que, ben que se superou a fase aguda da pandemia, debemos manter aquelas formas de vivir que se mostraron eficaces na loita contra a dita pandemia e cambiar aquelas outras que nos prexudicaron. Así, as medidas que se adoptan no presente protocolo responden, por unha banda, a un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica.

E, á vez, é necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas seguintes premisas: hixiene frecuente de mans; hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, o nariz e os ollos); uso de máscaras en todo momento; preferencia por actividades ao aire libre e de pouca duración; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles co COVID-19 (febre, tose ou dificultade para respirar) ou outros síntomas, como falta de olfacto ou gusto.

O compromiso colectivo será, sen dúbida, a mellor arma na loita contra a pandemia.

## **A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.**

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Outros síntomas menos frecuentes son as dores e molestias, a conxestión nasal, a dor de cabeza, a conxuntivite, a dor de garganta, a diarrea, a perda do gusto o olfato e as erupcións cutáneas ou cambios de color nos dedos das mans ou os pes. Estes síntomas soen ser leves e comezan gradualmente. Algunhas das persoas infectadas só presentan síntomas levísimos ou son asintomáticos. Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus. A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais. Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcohol, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

## **DEESCALADA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA**

As instalacións deportivas municipais de xestión directa abriron a partir do 22 de xuño coas condicións establecidas neste documento unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Este protocolo será plenamente vinculante sen prexuízo das normas que se publique por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia. Nesta fase da desescalada o obxectivo será a recuperación gradual dos adestramentos. A práctica deportiva será individual ou colectiva, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de un metro e medio.

O protocolo sinalado será de obrigado cumprimento por parte dos usuarios que queiran facer uso das instalacións deportivas municipais (en adiante IDM)

En todo caso, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos usuarios cando practiquen actividade física baixo a súa exclusiva responsabilidade.

## **CARACTERÍSTICAS DE USO**

Poderanse permitir tarefas de adestramento de carácter de individual ou colectiva, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.

Segundo o contido da “RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade” O obxectivo fundamental é establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, garantido que, mantendo a saúde pública, a vida diaria e a actividade se recuperen gradualmente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación e evitando que as capacidades do Sistema Nacional de Saúde se desborden.

Os adestramentos e actividades deportivas desenvolveranse cumprindo estritamente as medidas de prevención e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias fronte ao COVID-19 relativas ao mantemento de unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos un metro e medio, lavado de mans, uso de instalacións, proteccións sanitarias, e todas aquelas relativas á protección dos deportistas e persoal auxiliar da instalación.

Poderán acceder ás IDM todos os deportistas, así definidos no artigo 31 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia: *“Son deportistas aquelas persoas que, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, practiquen, individualmente ou en grupo, calquera tipo de actividade deportiva nas condicións establecidas pola presente lei, con independencia do carácter e obxecto que persiga”*

A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa co Servizo Municipal de Deportes, para o que será preciso organizar quendas horarias, fóra das que non se poderá permanecer nas instalacións.

Respectarase o límite de **dous terzos de capacidade de aforo** de uso deportivo en cada instalación, tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite a acumulación de persoas e que cumpra coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

Unicamente poderá acceder cos deportistas un adestrador no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente.

Está permitida a utilización de vestiarios das instalacións, unicamente á finalización do adestramento, debendo abandonalos ao máis tardar 15 minutos despois de ter rematada a actividade, respectando o límite do 50% de capacidade de aforo do vestiario.

Procederá á limpeza e desinfección das instalacións de acordo co seguinte:

*1. El titular de la actividad económica o, en su caso, el director de los centros y entidades deberá asegurar que se adoptan las medidas de limpieza y desinfección adecuadas a las características e intensidad de uso de los centros, entidades, locales y establecimientos previstos en esta orden.*

*En las tareas de limpieza se prestará especial atención a las zonas de uso común y a las superficies de contacto más frecuentes como pomos de puertas, mesas, muebles, pasamanos, suelos, teléfonos, perchas, y otros elementos de similares características, conforme a las siguientes pautas:*

a) *Se utilizarán desinfectantes como diluciones de lejía (1:50) recién preparada o cualquiera de los desinfectantes con actividad virucida que se encuentran en el mercado y que han sido autorizados y registrados por el Ministerio de Sanidad. En el uso de ese producto se respetarán las indicaciones de la etiqueta.*

b) *Tras cada limpieza, los materiales empleados y los equipos de protección utilizados se desecharán de forma segura, procediéndose posteriormente al lavado de manos.*

*Las medidas de limpieza se extenderán también, en su caso, a zonas privadas de los trabajadores, tales como vestuarios, taquillas, aseos, cocinas y áreas de descanso.*

*Asimismo, cuando existan puestos de trabajo compartidos por más de un trabajador, se realizará la limpieza y desinfección del puesto tras la finalización de cada uso, con especial atención al mobiliario y otros elementos susceptibles de manipulación.*

*2. En el caso de que se empleen uniformes o ropa de trabajo, se procederá al lavado y desinfección regular de los mismos, siguiendo el procedimiento habitual.*

*3. Se deben realizar tareas de ventilación periódica en las instalaciones y, como mínimo, de forma diaria y durante el tiempo necesario para permitir la renovación del aire.*

*4. Cuando en los centros, entidades, locales y establecimientos previstos en esta orden haya ascensor o montacargas, su uso se limitará al mínimo imprescindible y se utilizarán preferentemente las escaleras. Cuando sea necesario utilizarlos, la ocupación máxima de los mismos será de una persona, salvo que sea posible garantizar la separación de dos metros entre ellas, o en aquellos casos de personas que puedan precisar asistencia, en cuyo caso también se permitirá la utilización por su acompañante.*

*5. Cuando de acuerdo con lo previsto en esta orden el uso de los aseos esté permitido por clientes, visitantes o usuarios, su ocupación máxima será de una persona, salvo en aquellos supuestos de personas que puedan precisar asistencia, en cuyo caso también se permitirá la utilización por su acompañante. Deberá reforzarse la limpieza y desinfección de los referidos aseos garantizando siempre el estado de salubridad e higiene de los mismos.*

*6. Se fomentará el pago con tarjeta u otros medios que no supongan contacto físico entre dispositivos, evitando, en la medida de lo posible, el uso de dinero en efectivo. Se limpiará y desinfectará el datáfono tras cada uso, así como el TPV si el empleado que lo utiliza no es siempre el mismo.*

*7. Se deberá disponer de papeleras en las que poder depositar pañuelos y cualquier otro material desechable. Dichas papeleras deberán ser limpiadas de forma frecuente, y al menos una vez al día.*

*8. Lo previsto en este artículo se aplicará sin perjuicio de las especificidades en materia de limpieza y desinfección establecida en esta orden para sectores concretos.*

**De acordo coa ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, que no seu artigo primeiro establece a Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade quedando como sigue:**

*A letra a) do número 3.20.4 do anexo queda coa seguinte redacción:*

*«a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado e promoverase o seu emprego».*

*Engádesse unha letra f) no número 3.20.4 do anexo, coa seguinte redacción:*

*«e) Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberase aumentar a subministración de aire fresco e non poderá empregarse a función de recirculación do aire interior».*

**Á finalización de cada quenda procederase á limpeza das zonas comúns e, en cada quenda, deberase limpar e desinfectar o material compartido despois de cada uso. Ao remate da xornada procederase á limpeza da instalación.**

**Días de uso:** De luns a domingo.



**Horario das instalacións:** De luns a domingo, de 09:00 h. a 22:00 h.

**Tempo de utilización das instalacións:** Duración máxima de 2 horas / quenda, debendo deixar 20 minutos entre as diferentes quendas para limpeza e desinfección das instalacións.

**Espazos dispoñibles:**

- Pazo dos Deportes
- Ximnasio do Pazo dos Deportes
- Polideportivo de Galán
- Polideportivo de Meicende
- Polideportivo Ponte dos Brozos
- Campo de Fútbol de Césped Natural Ponte dos Brozos
- Campo de Fútbol de Césped Artificial de Arteixo
- Ximnasio do Campo de Fútbol
- Campo de Fútbol de Césped Artificial de Uxes
- Campo de Fútbol Grande de Meicende
- Campo de Fútbol Pequeno de Meicende

O non contemplado neste protocolo, será de aplicación o contido do Regulamento de Instalación Deportivas Municipais e Escolas Deportivas Municipais do Concello de Arteixo, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil quince e publicado no BOP número 213 de 6 de novembro de 2015.

**REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.**

Concertación de cita a través do correo electrónico [deportes@arteixo.org](mailto:deportes@arteixo.org) no modelo normalizado no anexo I con 72 horas de antelación. Unha vez confirmado polo Servizo Municipal de Deportes deberán presentarse ao persoal de conserxería das IDM para o seu rexistro e verificación de horario e instalación.

Os usuarios das IDM terán as seguintes obrigas:

- Antes de acudir aos adestramentos deberán tomarse a temperatura. Si esta excede de 37,5º non se poderá acudir
- É obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento, segundo as indicacións sanitarias
- En caso de presentar tós ou algún síntoma compatible co COVID19 non se poderá acudir ao adestramento
- Nos desprazamentos aos adestramentos deberán cumprir coas medidas sanitarias estipuladas, en especial no referente a uso de mascarillas e distanciamento interpersonal de 1,5 metros
- Cada usuario deberá dispoñer de botella de auga de uso individual
- Non se pode adestrar co mesmo calzado co que se desplace á IDM, debendo cambiarse antes de acceder á pista.
- No se permite o acceso de familiares ou acompañantes
- O acceso á IDM e recollida dos deportistas será no exterior dos recintos deportivos e será responsabilidade do adestrador do grupo o responsable da entrega evitando aglomeracións e o paso de calquera persoa allea á actividade

- Cada grupo entrará e sairá da instalación de xeito individual para respectar as medidas de separación, debendo seguir as indicacións do persoal de conserxería; e si a instalación o permite, a saída terá lugar por outro lugar que o da entrada.
- No momento do acceso á instalación, deberá desinfectar as mans con xel hidroalcohólico e cambiar o calzado da rúa.

Os usuarios virán provistos máscara PS ou máscara EPI. Manterán sempre unha distancia mínima interpersoal con todos os usuarios e traballadores de 1,5 metros.

Virán vestidos coa roupa que utilizarán durante adestramento, non permitíndose o uso de vestiarios, máis que ao remate nas condicións especificadas neste protocolo

Utilizarán máscara en todo momento. Deberán limpase as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar en cada estancia-sala-instalación e ao saír de cada estancia-sala-instalación

Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.

## **FASES DE DESCONFINAMIENTO – ADESTRAMENTO – ACTIVIDADE FÍSICA:**

INICIO PROTOCOLO: a partir do 19 de setembro de 2020

OBXECTIVO: Recuperación gradual de adestramentos e actividade física.

Deportes individuais ou colectivos con tarefas a desenvolver, preferentemente sen contacto físico, mantendo distancias mínimas de 1,5 m. x 1,5 m e uso obrigatorio de máscara en todo momento.

Permítese a asistencia de un adestrador con máscara e distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Permitiranse charlas técnicas de non máis de 25 persoas, mantendo en todo momento a distancia interpersoal de 1,5 metros.

Antes da entrada na instalación, non se permite o uso de vestiarios. Os deportistas asistirán coa roupa da súa práctica deportiva, só se poderán deixar unha mochila básica nos espazos habilitados para ese efecto (na sala ou instalación que vaian utilizar).

Soamente se permite o uso individual de aseos, no sendo posible o uso por máis de unha persoa á vez.

Os usuarios non poden compartir material.

Calquera material utilizado para o adestramento, terá que ser obrigatoriamente desinfectado tras cada uso, e custodiado baixo chave ao finalizar cada sesión.

Os usuarios non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares, necesarios para o adestramento. Todos estes produtos terán o nome dos deportistas. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.

## **REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL**

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cun límite de 25 participantes, incluíndo aos monitores, e nunca superando o 50 por cento da capacidade máxima do recinto

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento das actividades ou, no seu defecto, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

As actividades deberán realizarse en grupos de ata 10 persoas participantes, máis os monitores correspondentes, que intentarán traballar, na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos.

É obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento, segundo as indicacións sanitarias

**Configuración dos grupos na actividade.** O Decreto 50/2000 (Título II, Capítulo II e artigo 47) fixa a ratio mínima para as actividades de tempo libre en 1 monitor/a para cada 10 participantes. Tendo en conta a situación actual, onde se deben extremar as precaucións e levar un control máis exhaustivo dos grupos, é recomendable que se adopte unha ratio máis reforzada, de cando menos 1 monitor/a por cada 7 rapaces e rapazas no caso de que as persoas participantes teñan idades inferiores aos 9 anos. Ademais, dividirase aos participantes en subgrupos de máximo 10 persoas máis os monitores correspondentes. Aínda que o grupo da actividade xeral poida ser máis elevado, cada subgrupo procurará traballar de xeito individual, sen contacto estreito co resto de subgrupos durante as diferentes accións, sen prexuízo das pertinentes rotacións que se realicen para que todos os subgrupos poidan desfrutar de todas as actividades programadas. Antes de cada rotación será preciso levar a cabo a pertinente hixienización do material empregado.

Procurarase establecer unha recepción e recollida escalonada de participantes á actividade, fixando unha franxa horaria ou ben mediante cita previa. Na medida do posible, se o participante é menor de idade deberá vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.

Os participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón ao comezo e remate de cada actividade. Se isto non é posible, empregarase xel hidroalcolico.

Tanto participantes como persoal monitor deberán portar máscara naqueles casos onde non sexa posible manter o distanciamento interpersoal. O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado.

Procurarase que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.

No caso de realizar excursións polos arredores, limitar no posible os espazos moi concorridos. Priorizaranse os desprazamentos a pé durante as actividades.

No caso de facilitar comida aos participantes por parte da organización, esta deberá distribuírse en bolsas pechadas ou ben adecuarse ás normas que sexan aplicables para aquelas instalacións con cociña e comedor. A comida non poderá ser compartida

## **INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS – MEDIDAS A REALIZAR PREVIO Á APERTURA**

Limpeza e desinfección profunda dos elementos comúns (valos, terreo de xogo, pistas, bancadas, etc...) previa á reapertura mediante persoal especializado en limpeza e produtos homologados.

Aprovisionamento de material de sinalización e balizamento así como os EPIs para os traballadores que estableza a normativa.

Aprovisionar material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, pulverizadores con desinfectante e dosificadores de mans con hidroxel.

Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.

Despois do uso de cada quenda: limpeza dos elementos que sexan utilizados e da zona habilitada para o uso; limpeza dos elementos comúns (manillas, chans, bancos, etc...)

Manter abertas, na medida do posible, as portas de acceso e as xanelas para facilitar a ventilación

A limpeza e desinfección tamén terán que realizarse con máis frecuencia, polo menos dúas veces ao día, especialmente en superficies de contacto manuais como pomos, barandas, bancos, cadeiras, estantes e baños, entre outros.

Levarase unha folla de rexistro de actuacións de limpeza e desinfección nos diferentes espazos das IDM rexistrando a hora, data e responsable da actuación.

## **UTILIZACIÓN POR PARTE DOS USUARIOS**

Aforamento máximo das persoas indicadas na seguinte táboa mantendo unha distancia recomendable de 1,5X1,5 metros entre persoas, que debe ampliarse durante a carreira a unha distancia mínima de 4 metros.

| <b>INSTALACIÓN</b> | <b>AFORO MÁXIMO</b><br><b>(incluído persoal técnico e persoal da instalación)</b> |
|--------------------|---|
|--------------------|---|

|  |    |
|--|----|
| Pazo dos Deportes                                  | 25 |
| Ximnasio do Pazo dos Deportes                      | 12 |
| Polideportivo Ponte dos Brozos                     | 25 |
| Polideportivo de Galán                             | 25 |
| Polideportivo de Meicende                          | 25 |
| Campo de Fútbol Ponte dos Brozos                   | 25 |
| Campo de Fútbol de Céspedede Artificial de Arteixo | 25 |
| Ximnasio do Campo de Fútbol                        | 13 |
| Campo de Fútbol de Freán                           | 25 |
| Campo de Fútbol Grande de Meicende                 | 25 |
| Campo de Fútbol Pequeno de Meicende                | 25 |
| Pistas de Chave                                    | 8  |

- Desenvolveranse tarefas de limpeza e desinfección nos espazos e equipamento propio das instalacións utilizados entre cada quenda de utilización
- Antes de entrar na pista ou terreo de xogo, limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os deportistas e técnicos deberán utilizar máscara en todo momento, segundo as indicacións sanitarias.
- Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase nas bancadas, nas zonas habilitadas para iso.
- É obrigatorio o uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas.
- Ao finalizar o uso dos diferentes elementos utilizados (valos, anciños, tacos, etc...,) límpalos cos produtos desinfectantes existentes.
- Ao finalizar a sesión é obrigatorio recoller todo o material propio e limpar as mans co hidroxel que hai na entrada á pista ou terreo de xogo antes de abandonar a instalación.
- Utilizarán a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións. Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso. Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tos ou falta de alento
- Desprazamentos aos adestramentos: Non compartir vehículo particular con outras persoas non conviventes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.

## **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas, staff, etc.

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Na pista de xogo disporá dunha copia deste protocolo para coñecemento xeral dos xogadores.
- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.

## **MEDIDAS DE INFORMACIÓN**

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénicosanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoña de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras.

## **MEDIDAS DE FORMACIÓN**

- Deberase promover a formación, especialmente entre o staff para adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcolico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénicosanitarios.

## **COORDINADOR DO PROTOCOLO DA ENTIDADE DEPORTIVA**

Cada entidade designará un coordinador para a implementación e seguimento do protocolo, que será o interlocutor co Servizo Municipal de Deportes, informando sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento. Este coordinador asumirá as funcións que se establezan no respectivo protocolo.

## **COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19**

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros. Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoién a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias. En caso de detección dun positivo por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá de procederse ao illamento nun local pechado, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas por quen corresponda segundo o protocolo da instalación deportiva. Finalmente, de estar en contacto estreito con outras persoas que poideran ter síntomas iguais ou semellantes aos do COVID-19 a una distancia menor de 1,5 metros ou de ter compartido espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola COVID-19, é importante realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade durante 14 días.

En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

## **TRABALLADORES. LIMPEZA, HIXIENE E DESINFECCIÓN**

Con carácter xeral, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotarase de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

Será obriga do persoal de conserxería e limpeza:

- Revisar a cartelería en lugar visible na instalación para informar e lembrar aos usuarios e traballadores a obrigación de cumprir as medidas de hixiene e protección establecidas pola autoridade sanitaria contra o Covid-19.
- Reforzar e intensificar os servizos de limpeza das instalacións, especialmente despois de cada quenda de uso dos deportistas, garantindo unha limpeza e desinfección permanente das instalacións durante o período de apertura ao público.
- Farase especial fincapé na frecuencia de limpeza e desinfección de superficies de alto contacto, como a recepción, os mostradores, o material de adestramento, as máquinas, as varandas, os pomos, os pulsadores, así como en todos os elementos de uso recorrente.
- Deberase proceder a súa limpeza e desinfección dos aseos, como mínimo, tres veces ao día. Do mesmo xeito, deberanse realizar tarefas de ventilación periódica das instalacións. Seguir o horario de quendas de traballo estipulado, segundo uso da instalación; e anotación nas follas de control do realizado e tempo utilizado.
- Lavado frecuente de mans a usuarios e traballadores durante a estancia nas instalacións.
- Asegurar a reposición permanente de xabón nos dosificadores dos lavabos e aseos para facilitar e garantir o lavado de mans dos usuarios.
- Instalación de estacións de limpeza e desinfección en todos os espazos deportivos interiores e aseos, para facilitar a limpeza e desinfección do equipamento, os bancos, etc..., por parte dos usuarios, antes e despois de cada uso, complementario ao servizo de limpeza de cada estancia utilizada.
- Ditas **estacións de limpeza e desinfección** disporán de xel desinfectante de mans cunha papeleira non manual para depositar os desfeitos.
- Incrementar o protocolo de revisión de papeleiras e retirada de residuos. No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección diaria dos mesmos, debendo lavarse de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados. Naqueles casos nos que non se utilice uniforme ou roupa de traballo, as pezas utilizadas polos traballadores en contacto con clientes, visitantes ou usuarios, tamén deberán lavarse nas condicións sinaladas anteriormente.
- Utilización dos materiais de prevención obrigatorios establecidos polas autoridades sanitarias a cada traballador para a súa protección individual e a dos usuarios.
- Mantemento dunha distancia mínima interpersoal de un metro e medio.
- Anotación no libro de rexistro os usuarios, espazo utilizado e incidencias xurdidas, para ser revisadas polo persoal técnico responsable do Servizo Municipal de Deportes. Deberase entregar semanalmente copia de este libro de rexistro ao Servizo Municipal de Deportes.
- Obrigatoriedade de levar cada día o seu material deixando libres e limpas as taquillas e zonas comúns. Limpar e desinfectar o seu posto de traballo ao finalizar a súa xornada, sobre todo elementos comúns (pomos, teclado, mesa, cadeira, etc...)



## ANEXO I : SOLICITUDE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

| IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE   |        |                                     |
|---|--------|-------------------------------------|
| ENTIDADE:   |        | CIF:                                |
| CATEGORÍA (sénior, xuvenil, cadete, infantil, alevín, benxamín, outra...) |        | Nº ASISTENTES INCLUÍDO O ADESTRADOR |
| PRESIDENTE:   |        | NIF:                                |
| ADESTRADOR RESPONSABLE DO GRUPO (indicar categoría)                       |        | NIF:                                |
| DATA DE INICIO DOS DESTRAMENTOS   |        |                                     |
| Teléfono  | Móbil: | e-mail:                             |

| INSTALACIÓNS DEPORTIVAS QUE SE PODEN SOLICITAR     | DÍAS DA SEMANA       | HORARIO (Máximo 2 h.) |
|--|----------------------|-----------------------|
| Pazo dos Deportes                                  | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Ximnasio do Pazo dos Deportes                      | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Polideportivo de Galán                             | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Polideportivo de Meicende                          | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Polideportivo Ponte dos Brozos                     | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Campo de Fútbol Ponte dos Brozos                   | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Campo de Fútbol de Céspedede Artificial de Arteixo | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Ximnasio do Campo de Fútbol                        | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Campo de Fútbol de Freán                           | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Campo de Fútbol Grande de Meicende                 | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |
| Campo de Fútbol Pequeno de Meicende                | Lu Ma Me Xo Ve Sa Do |                       |

### DECLARA RESPONSABLEMENTE SOBRE A ENTIDADE E OS DEPORTISTAS QUE A COMPOÑEN NOS ADESTRAMENTOS SOLICITADOS:

- Os deportistas e adestrador están en posesión de licenza federada en vigor do club ao que representan
- Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva nas IDM e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.
- Así mesmo declaro que a entidade deportivas accederá ás instalacións coas medidas de protección (luvas e máscara) e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo das IDM para cada un dos espazos.
- Declaro que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos comúns con outras deportistas nunha situación pandémica como a actual.
- Declaro que non padecín ningún síntoma Covid-19 nos últimos 14 días: Febre / Cansazo / Tose seca / Dificultades para respirar e que non estiven en contacto con ningunha persoa que dea positivo en Covid-19 nos últimos 15 días.

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas de utilización das instalacións deportivas municipais

En Arteixo a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2020

(sinatura)  
O / A Presidente/a.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)